dos eles vencellados ao negocio dos pasteis: Antonio, Amparo, María, Ventura, Pepe, Gabino, Rogelio e Manolo. María casou con Regino que montou a confeitaría do seu nome. Esta segue funcionando a nivel industrial situada na rúa Gabino Bugallal. Do matrimonio de Amparo xurdiu a pastelería Troncoso que sigue funcionando tamén de forma industrial na rúa da Esperanza e un fillo deste matrimonio, Luis, montou outra na costa de San Gregorio. Foi outro fillo de Rogelia e José, o chamado Pepe, o que continuou coa que segue a levar o nome de Dinguilindín. Con relación a esta, emprazada na Praza Maior, continua como sempre baixo a dirección de Rogelita e Marujita, sendo os pasteiros os fillos desta última. Un irmán delas chamado Sesé, fabuloso confeitiro, tamén montara outra, xa desapa-

recida, na rúa da Esperanza.

Foron todas elas, nos seus propios establecementos, as que continuaron os traballos de confección dos doces típicos. Moitos anos antes, outra rama desta mesma familia instalouse en Mondariz cun establecemento de gran fama e categoría que foi a confeitaría Ramiro, o Dulceiro, asentada mesma praza maior daquela localidade. Este pasteiro era considerado como un mítico mestre nese oficio e, como tal, exerceu para moitos novos confeitores, incluso desde a mesma Ponteareas ían aprender os secretos da profesión con el.

Tamén foron aparecendo outras novas docerías como a de Míguez e moito mais tarde a Marquesina. Estas confeitarias, en xeral foron mixtas. Queremos dicir, ao chamalas así, que tanto vendían os produtos típicos: rosquillas, melindres, poufeiras e rosquillas almiscradas como outros tipos de prostres e doces que ían desde as clásicas tortas aos pasteliños mais variados de crema, améndoas, chocolate, etcétera.

En Ponteareas o primeiro que tratou a pastelería no plano industrial, facendo rosquillas para abastecer festas, feiras, mercados, tendas, etcétera, foi a confeitaría Regino que subministróu moitos eventos e fixo famosos os seus produtos por toda Galicia e fora dela. Logo seguiulle os pasos a confeitaría Troncoso, agora xestionada polos propios artesáns e, desde fai xa uns anos, existe tamén unha nova chamada Ancla formada por antigos operarios desta última pastelería. Ámbalas dúas conseguiron así mesmo unha considerable sona pola calidade dos seus produtos e son moi coñecidas en tódalas festas e romarías da nosa terra, desde Santa Marta de Ribarteme ata San Andrés de Teixido.

Na difusión e mailo espallamento desta variedade de doces xogaron unha baza vital as rosquilleiras que eran as encargadas de vendelos ao público nas festas, feiras e romarías. Antigamente levaban, sobre a cabeza, as

rosquillas dentro de cestos que logo poñían ao seu cación despois de buscar o lugar mais axeitado como punto de venda. Hoxe poñen uns postos fixos como os das quincallas e os produtos son transportados, perfectamente empacados, en caixas de cartón. Tódolos doces son envasados de acordo cos normas de Comunidade Europea se ben cumpre recordar que fai uns anos atrás vendíanse a granel por medias ducias ou ducias e levábanse penduradas dun guizo de madeira.

Vista xa, de pasada, a historia da pastelería en Ponteareas imos falar un pouco dos produtos que nos consideramos típicos, pois gracias a eles tamén é coñecida Ponteareas polo mundo adiante e penso que os mandatarios débennlle unha festa de exaltación grande ou pequena, non importa, polos méritos contraídos levando, o nome da vila con honra e dignidade. Ben merecida a teñen.

Imos comezar polas rosquillas. Eran chamadas "rosquillas do Ribeiro" (debía ser pola procedencia) ou "rosquillas brancas". Son doces moi apreciados en festas e romarías e poden ser de dous tamaños, unhas mais grandes e outras mais pequenas. Tamén son chamadas de manteiga por ser este un produto básico na súa elaboración xunto coa fariña triga, o azucre, anís e o sal. Para o procedemento ven sendo, mais ou menos, como sigue: amásanse a manteiga diluída e fría con algo de azucre e a fariña. Cando a masa estea ben ligada hai que estírala e cortala en tiras para darlle forma cilíndrica e xuntar as puntas dándolle forma de anel. Hai que deixalas repousar e logo metelas ao forno e cando empezan a coller color sácanse e déixanse arrefriar e logo dáselle un baño cun xarope de azucre a punto de fío. Déixanse secar e así poden aguantar moito tempo, mais de un mes, en moi boas condicións. Desta receita hai que contar sempre co que non está aquí sinalado que son os trucos e secretos de cada pasteiro ten en

VIAJES  **IBERIA**
ORIZONIA



cousas como son os tempos de repouso da masa, os graos de cocción que debe ter o forno, etcétera.

Os melindres son definidos pola Real Academia Galega da Lingua como uns doces pequenos feitos con mel, aclarando que tamén reciben este nome outros que, aínda sen levar mel, van recubertos de azucre. Case veñen sendo como rosquillas pequenas apertadas as que o doceiro dálles un brillo e un enchoupado de sabor doce con xarope, xusto no punto que soamente coñecen eles.



Os ingredientes veñen sendo como os das rosquillas, levando ademais ovos. Diferéncianse soamente que a masa vai mais cargada ao doce, e o procedemento de elaboración e cocción ven sendo case igual, por non dicir o mesmo, que o das rosquillas brancas coa salvedade de que poden ser bañados no xarope.

As poufeiras, chamadas por estes arredores e por algunha xente tamén mazapáns, son como unha bola cadrada dividida en tamén en cadrados cunhas medias boliñas que sobresaen na parte superior. Teñen un sabor moi característico e cada confeitaría ponteareá dálle seu toque especial polo que se distinguen unhas das outras. O sabor ven sendo, por definilo dalgunha maneira, entre o das roscas e o das rosquillas. A súa masa é esponxosa e pola parte de arriba están tostadas cunha capa de xarope sólido que as fan moi doces. E un produto moi difícil de atopar feito fora das confeitaría de Ponteareas. Son doces moi apreciados nas festas e nas romarías de Galicia enteira e parte de Zamora, León e Asturias.

As rosquillas de xarope almiscrado son outro produc-

to case típico ponteareán xa que resulta case imposible atopalas confeccionadas fora de Ponteareas ou dos pobos do arredor. Estas rosquillas, dun tamaño mais pequeno que as brancas, están formadas por capas de masa superpostas nas que se lle vai introducindo o xarope. Este proceso fai que logo sexan deliciosas ao padal. No remate, unha vez sacadas do forno, son espolvoreadas con azucre en gran, mentres aínda están quentes. Resultan un prostre moi cobizado e valorado por toda a comarca e fora dela.

Outros prostres típicos ponteareáns son os boleardos. Estes doces son típicos da época de Nadal e son feitos coa mesma masa que as roscas de Pascua e son traballados do mesmo xeito e soamente se diferencia na forma pois non son redondos senón de forma triangular. O insigne escritor ponteareán Ignacio Vidales Tomé, no libro titulado "Ruleta de motivos puenteareanos" fai unha exaltación deste singular

doce, dicindo: "Tamén a xente ponteareá temos o noso mazapán típico para a Noiteboa: o boleardo. É unha especialidade da docería do país, creación do bo gusto dos devanceiros. Eles deixáronos a fórmula auténtica para a elaboración, aínda usual". Na actualidade están practicamente desaparecidos pois hai moi pouca demanda e, segundo me contou Marujita da Confeitaría Dinguilindín, soamente son algunhas persoas anciás ou algúns curiosos as que os solicitan.

Ponteareas é doce, moi doce en tódolos aspectos, si señor, e de maneira especial sobresaen nos doces que fabrica. Resulta paradóxico e moi raro, que coa imaxinación, enxeño e inventiva que tiveron sempre os doceiros ponteareas que non se lles ocorrera inventar un pastel típico para esta nosa Festa de Corpus, que ben podería ser, postos a ter fantasía e por saír do paso, coa forma dunha flor determinada, por exemplo, a camelia (que é mais nosa), ou rosa (tan manida e traballada), ou pampullo (flor moi usada en Corpus), etcétera. ¿Ou non?

De como o fermoso calvario de Taboexa (As Neves) permítenos afondar no precario dereito dos mortos

ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ

o fermoso calvario do adro da igrexa de taboexa

Áchase pegado á fachada exterior e esquerda da igrexa de Santa María, no que antes era o antigo cemiterio parroquial, formando a parte superior dun mausoleo e na parte interna do adro. O calvario está constituído por tres cruces latinas, amosando, as dúas laterais, os brazos inclinados, cada unha cara á súa man. Trátase dunha obra miniaturizada, ergueita por riba da tumba de Don Xoán Cambra Rodríguez. Consiste nun baldaquino abovedado, sostido por catro columnas cilíndricas que alberga no interior o calvario propiamente dito, formado por tres cruces coas súas respectivas figuras. Por riba do baldaquino e presidindo o monumento vese ó Santo Anxo da Garda, que acompaña a un meniño para o afastar do perigo do diaño que en forma de monstro de cor escura asoma por detrás da figura alada.

O Cristo vese policromado, ó igual que os dous ladróns. Amosa o pé dereito sobre o esquerdo e o pano anoadado á mesma man. Acompáñase dun anxo que porta nas mans o Santo Graal para recoller a sangue da ferida do seu costado. A cruz da que pendura é latina, de sección circular e con vultos en forma de nós. É a de maior tamaño, acadando unha de altura de 1 m e unha envergadura de 62 cm.

As cruces dos ladróns son tamén latinas e de sección circular pero carecen dos vultos. Amosan como maior novidade a de ter os brazos inclinados, cada unha á súa banda, isto é: a da dereita, os ten inclinados cara á dereita e a da esquerda, para aquel lado. Os ladróns, no canto de estar cravados polos pés e polas mans coma o Salvador do Mundo, aparecen amarrados polas extremidades con grosas cordas as súas respectivas cruces. San Dimas, o bo Ladrón, vese á dereita da cruz central e mira cara á Cristo, mentres que Xestas,

o Mal Ladrón, está á esquerda de Xesús e ten a cabeza cara á baixo, afastando a vista da súa imaxe. Estas cruces, semellantes entre si, acadan os 80 cm de alto e unha envergadura de 35 cm, polo tanto, resultan máis pequenas e de menor categoría ca central.

Todos os condenados teñen por riba das súas cabezas os letreiros correspondentes que os identifican. O

Mausoleo de Don Juan Cambra, no adro da igrexa de Santa María de Taboexa, presidido polo calvario e coroado pola imaxe do Santo Anxo da Garda.





Detalle do Calvario. Cristo asistido por un anxiño que leva na man o Santo Graal para recoller o sangue do seu costado. Á súa dereita está San Dimas, o Bo Ladrón. Xestas, o Mal Ladrón, á súa esquerda, queda por fóra da imaxe.

de Xesús pon: "J.N.R.J" (Xesús de Nazaret, Rei dos Xudeus), mentres que os dos ladróns amosan: "E.X.L.G", para o malo (Giestas), e "E.X.L.D" (Dimas), para o bo.

Nada sabemos sobre o artífice da obra, pois esta non aparece asinada. A data de execución do monumento é, segundo lemos nun dos epígrafes, o ano 1879. Por debaixo das figuras descritas anteriormente aparece gravada a seguinte súplica: "SEÑOR PIADOSO

TENER DE MI PIEDAD", mentres que na parte frontal do cadaleito lese: "PROPIEDAD DE D. JUAN CAMBRA Y RODRÍGUEZ QUE MANDO ACER EN EL AÑO DE 1879 Y FALLECIÓ EN 1895 A LA EDAD DE 90 AÑOS".

Ademais deste señor, propietario de tan fermoso mausoleo, está enterrado tamén, contra o seu manifesto desexo, o que fora cura ecónomo desta parroquia de Taboexa: Don Xosé Domínguez Fortes, que faleceu o 2 de febreiro de 1941 ós 57 anos de idade. E dicimos contra a vontade do propietario, porque no frontal do nicho, por riba da lápida de mármore que anuncia a sepultura do cura párroco, mandou gravar na pedra para que constara explicitamente a súa intención de repousar por sempre sen compañía ningunha, o seguinte anuncio: "ESTE LOCAL DESPUÉS DE OCUPADO NO SE ABRIRÁ MÁS".

O calvario de Taboexa é o único calvario que coñecemos que mantén a súa policromía orixinal e que aparece, ademais, baixo un baldaquino que protexe as figuras dos tres axustizados. Por outra banda, tamén é o único que en Galicia que coroa unha tumba. Vese, aínda, moi ben conservado e mantén un certo culto, pois na parte no que aparece gravado o nome do párroco soen pór velas acesas e algunhas flores na súa memoria por xente que aínda o lembra.

que podemos pensar cando a mesma igrexa faia nun asunto tan capital?

Atopámonos con frecuencia que os títulos de propie-

dade que os defuntos intentan reter sobre as sepulturas que ocupan parecen raiar o ridículo, pois no dereito dos homes, os mortos, "nada posúen, nin son donos ou propietarios de cousa ningunha", nin sequera das súas propias tumbas, xa que deben contar para seguir acougando nelas coa boa vontade dos vivos.

No pequeno cemiterio parroquial de San Miguel de Riofrío (Mondariz), hai un fermoso mausoleo asinado polo mestre canteiro R. Quinteiro, no que se pode ler, en grandes letras: "PROPIEDAD DEL QUE LA OCUPA. NO EXHUMAR SUS CENIZAS NUNCA MÁS. DOMINGO VILAS 1877-1927".

Esta mesma intención era a que inspirou a Don Juan Cambra Rodríguez a súa advertencia, pero non tivo ningún éxito, como puidemos comprobar. O que fora propietario do mausoleo máis fermoso de Taboexa creu que aseguraba o seu eterno repouso naquel lugar de privilexio colocándoa de xeito visible na cabeceira da lo- usa que pechaba o seu nicho, pero pecou de candidez.

Diciamos hai uns instantes que Don Juan Cambra morrera no ano 1895 e que debía confiar cegamente que o seu desexo manifestado dun xeito tan contundente en lugar tan conspicuo e en letras grandes e ben marcadas, para que nunca se borrarán, sería suficiente para respectar a súa derradeira vontade de permanecer solitario naquel panteón que protexía o Santo Anxo da Garda ata escoita-la trompeta convocando ó Xuízo Final dos homes, pero, hei aquí, que o 2 de febreiro de 1941, ós 57 anos de idade, fina case de repente, o reverendo Don José Domínguez Fortes, cura ecónomo da parroquia de Taboexa e deciden enterralo, ante a falta de previsión do mesmo que non tiña mercado nicho en ningures, na mellor tumba do cemiterio: precisamente a de Don Juan Cambra. Comentario que nós facemos á marxe desta historia: ás veces é mellor non chamar a atención con monumentos ostentosos, que axiña levantan cobizas alleas difíciles de tornar entre os vivos.

será que don juan e don josé terán máis que palabras?

O desexo de estadía exclusiva para Don Juan apegáren do seu anuncio advertindo a toda a xente dos seus desexos, durou tan so 46 anos exactos. Poucos, pensamos nós, comparados coa eternidade que presumía e de non botar a as súas leves cinzas no osario xeral -que non sabemos se tal cousa sucedeu ou non- durme, agora, na compañía do señor cura ata que a re-

surrección da carne os poña, outra vez, en movemento. Entón, seguramente, se non hai outros inquilinos que se foran colando polas boas naquela preciosa mansión no transcurso dos séculos, terán, ámbolos dous, Don Juan, como usuario exclusivo que se prometía, e Don José, como inquilino “okupa”, aínda que involuntario, como puidemos comprobar nesta narración, xa que el non se meteu, senón que o meteron, unhas máis que fortes palabras ó respecto.

E como os mesmos párrocos saben que coas tumbas pasan as cousas que pasan, pois acabados os parentes que poden ostentar algunha titularidade sobre as mesmas calquera pode facerse cunha sepultura allea, o que fora abade de San Xulián de Moraime (Muxía - A Coruña) mandou gravar este recado como insólita advertencia: “ES PROPIEDAD DE D. JUAN BT^a DURÁN INSUA, PÁRROCO DE ESTA FELIGRESÍA Y DEJA PROHIBIDO TANTO A HEREDEROS COMO A EXTRAÑOS QUE EN NINGÚN TIEMPO USEN Y USURPEN ESTA PROPIEDAD”.

Hai, sen embargo, “visto lo visto”, quen prefire as boas maneiras e as formas educadas para conseguir os seus propósitos e no canto de prohibir, que está comprobado que non sirve de moito, roga, por favor, que cumpran cos seus desexos de permanencia. Tal é o caso que achamos no cemiterio de San Mauro da cidade de Pontevedra, onde lemos nun nicho: “MARÍA ANTONIA CASTRO TORRES. CERRADO A PERPETUIDAD. RESPETAR LAS CENIZAS QUE ESTÁN DENTRO. GRACIAS”.

en ribadavia atoparon un sistema para se perpetuar

No pequeno cemiterio parroquial de Sampaio de Ventosela (Ribadavia) a fórmula máis acertada e que soamente vemos repetida no de San Pedro de Sanín, tamén nese mesmo concello ourensán, e o establecemento dunha penalización ou multa e o nomeamento da propia Igrexa Parroquial como garante perpetuo dese desexo de permanencia constante. Vexamos, agora, algúns exemplos daquel cemiterio aldeán e que permanecen á vista de todos. Cesárea Martínez, falecida no 1965, mandou pór na propia lousa que tapa o seu nicho e en letras ben claras para que todos lean e saiban que fica absolutamente “CERRADO A PERPETUIDAD. EL QUE INTENTARA ABRIRLO PAGARÁ 100.000 PESETAS PARA EL CULTO”. As cantidades fixadas polos agora defuntos foron subindo a medida que



Detalle do Santo Anxo da Garda no que remata o mausoleo amparando a un meniño

pasaba o tempo e a peseta desprezábbase respecto ó dólar. Na actualidade, resulta moi fácil naquel pequeno cemiterio atopar letreiros que nos deixan pampas e que son unha pura advertencia contra a avidez dos vivos que están dispostos a deixar á intemperie, mellor dito, no mesmo osario do camposanto, os restos mortais dos seus devanceiros con tal de obter beneficio económico dos esforzos desenvolvidos por aqueles: “ESTAS CAJAS NO PODRÁN SER VENDIDAS. EL QUE INTENTARE HACERLO, PAGARÁ 500.000 PESETAS PARA EL CULTO”.

Estas fórmulas si resultaron ser tremendamente eficaces, polo menos ata agora, pois o señor párroco -imaxinamos- está moi pendente de esixir ós herdeiros que intenten burlar as intencións dos predecesores, as cantidades fixadas por aqueles como sanción, multa ou penalización a pagar á propia igrexa para manter o seu culto. Só falta que os incumprimentos rematen un día nos tribunais ordinarios de xustiza ante a negativa de facelas efectivas e dilucidar dunha vez por todas se se pode ou non se pode vender os bens herdados sen contraprestacións hipotecarias deste tipo, pois non coñecemos nada que no dereito dos homes careza de caducidade. Ata os crimes máis execrables teñen un día o seu límite! O mellor, resulta que tampouco este sistema é absolutamente... intocable! Cal será, pois, o próximo invento para que ninguén nos moleste no noso repouso?

O cabalo da crina de lume

MANRIQUE FERNÁNDEZ

Un dos puntos «máxicos» da bisbarra é o monte da Picaraña, emblemático enclave lendario que serve de escenario a moitas historias que o teñen, dunha maneira ou doutra, como punto de referencia. A cotío aparece como escenario secundario da acción principal, que se desenvolve no castelo do Sobroso, na Pena dos Namorados, ou nalgún outro punto cercano, máis ou menos impreciso, pero hai historias nas que o monte vén ser o escenario principal. Como a lenda do cabaleiro cristián

o título “El alazán de fuego”. Coido que, na actualidade, é unha historia moi pouco espallada na comarca a pesares de ter chegado a nós bastante completa e rematada, o que nos fai pensar na posibilidade de que se perdese nos últimos anos pero gozase de gran popularidade non moito tempo atrás.


Tal e como nola conta Ángel Gutiérrez, os feitos relatados comezaron no Nadal dun inverno especialmente duro e seco, nunha xornada na que a neve vestira de branco o perfil dos montes e das terras da bisbarra. Falamos dunha data imprecisa pero presidida polo feudalismo, daquel tempo en que os labregos que vivían ao

amparo dos castelos se vían na obriga de entregar parte das súas colleitas ao señor que, neste caso, ten nome e apelidos: Rodrigo Sarmiento, dono do castelo do Sobroso.

Cando se achegaba o remate de cada ano, don Rodrigo deixaba as súas posesións en Portugal e encamiñaba os seus pasos á fortaleza do Monte Landín para esixir aos campesiños das Oliveiras, San Pedro e outros núcleos tutelados polo seu poder, o pago de rendas, impostos e tributos. Contan que nada facía dobrezar o seu duro corazón feudal, que nunca tivera en conta se as colleitas daquel ano foran boas ou malas, abundantes ou escasas, e que ningún veciño era quen

de escapar do seu afán impositivo. Aquele ano, a fame asentárase en todo o val por mor das malas condicións climatolóxicas. O frío e maila seca estragaran boa parte das colleitas dos veciños, que temían xa a visita do señor.

No serán do Nadal de que falabamos, entre a neve, don Rodrigo decide subir ao seu cabalo e ir na procura dun enorme can lobeiro que a cotío o acompañaba nos seus numerosos paseos e que desaparecera do castelo pouco antes. A lomos do seu alazán encamiñou os seus pasos ao veciño monte da Picaraña sen saber que, xusto naquel momento, un numeroso grupo de labregos se



perseguido polos mouros, que preferiu saltar dende o alto da pena antes que caer en mans dos infieis e o seu cabalo saíu voando empurrado pola súa fe. En ocasións, o que chegou a nós non son máis que retazos de lendas perdidas, como a que fala das pegadas do Apóstolo Santiago ou do mismísimo Xesús Cristo na gran pena que remata o monte, o Penedo da Anduriña.

De entre todas estas historias destaca unha polo seu contido absolutamente arrepiante, unha das máis terroríficas da bisbarra, que foi recollida a principios dos anos 60 polo xornalista Ángel Gutiérrez no seu máis que recomendable libro “El castillo de Sobroso” baixo

dirixía ao Sobroso para rogarlle, por enésima vez, que non os afogase cos tributos.

Podemos pensar que os ánimos se foron caldeando polo camiño, que os labregos estaban xa fartos das esixencias do seu señor, ou que a fame alporizou máis da conta o seu espírito. O caso foi que cando chegaron ao castelo xa o fixeron en pé de guerra, derrubando as portas e provocando o medo entre os habitantes da fortaleza. Disque saqueaban sen reparo e que mataban sen escrúpulos a todo aquel que se cruzaba no seu camiño. Pero por moito que buscaban, non conseguían atopar a quen consideraban responsable máximo da súa ruína, don Rodrigo Sarmiento.

Alguén viu as pegadas do seu cabalo na neve e os asaltantes non tardaron en encamiñar os seus pasos na procura do señor. Portaban fachos para alumar o seu camiño e utensilios de labranza tinguidos polo sangue dos casteláns. Cegados pola ira só pensaban na vinganza e comezaron a ascender ao alto da Pica-raña.

Mentras todo isto sucedía, don Rodrigo seguía a buscar o seu can lobeiro. A noite xa comezaba a tender o seu manto polo val cando, preto dos restos da Torre de Abarca, unhas sombras comezaron a rodear en círculo ao xinete. O cerco foise estreitando e de entre a ramaxe foi saíndo unha manda de lobos, tamén famentos pola crueza do inverno, que asustaron ao cabalo. Encabuxado, o animal reaccionou erguendo as súas patas dianteiras e derrubando ao seu xinete, que quedou tendido no chan, desarmado, aturdido e indefenso, xusto antes de sair correndo nun galope descontrolado que o levou a precipitarse ao abismo dende o alto do monte.

No chan, don Rodrigo buscaba unha saída e pensou atopala na presenza do seu can lobeiro, que puido descubrir confundido no medio da masnada. Chamou por el, pero o seu vello amigo ignorou as súas palabras e lanzouse, xunto cos seus novos compañeiros, contra aquela presa fácil. O ataque foi feroz e tería rematado coa vida de don Rodrigo, de non ser que os animais se visen escorrentados polo balbordo e as luces que subían polo monte. Era outro tipo de lobos: os campesiños que, sedentos de sangue, aínda seguían as pegadas do cabalo do señor.

Un rapaz atopou o seu corpo xa morno, que ensanguentaba o chan por mor das dentelladas dos lobos. Don Rodrigo xemía con debilidade a causa do ataque

sofrido, pero iso tampouco foi suficiente para encher de caridade o corazón dos campesiños. Podíamos pensar que o remataron para que non sufrise, xa que a vida lle fuxía por segundos, pero parece ser que non foi o caso. A vinganza foi quen guiou as súas mans ata segarlle definitivamente a vida.

Aquela terrible historia espallouse por toda a bisbarra coa mesma velocidade que o lume se espalla na herba seca, e os ecos da sanguenta matanza resoaron durante un tempo entre os montes veciños. Pero o paso dos anos comezou a facer esquecer a terrible orxía de sangue.



Moito tempo despois, nunha dura noite de invernía, mentres ían caendo as primeiras folerpas de neve do ano, un veciño das Oliveiras sentiu como se lle xelaba o sangue. E non polo efecto do frío, senón pola arrepiante visión que estaba a presenciar: un cabalo alazán coa crina de lume galopaba polo val, montado por unha figura sinistra e seguido dunha manda de lobos famentos que ouveaba de xeito lúgubre. Por onde pasaba aquela figura terrorífica, a neve íase derretendo e deixando paso a unha estela de lume que queimaba campos enteiros convertíndoos en eriais. Ao día seguinte, o gando do veciño dono daqueles campos e testemuña da terrible visión, aparecía misteriosamente morto.

Cada noite, aquela escena repetíase na presenza doutro dos veciños que participaran na matanza de don Rodrigo Sarmiento, e os seus campos aparecían arrasados e o seu gando morto. E así noite tras noite, campo tras campo, animal tras animal, mentras viviron todos e cada un dos que tomaran parte naquela sanguinaria morte.

El lugar de Picón

RAMÓN RODRÍGUEZ OTERO

En Galicia hay tipos de demarcaciones que tienen más arraigo y vitalidad que las que han instituido las administraciones públicas. La “parroquia rural” es un ejemplo manifiesto de su aceptación como una agrupación asumida, respetada y valorada por la vecindad. Lo mismo, aun que en menor escala, podríamos decir de la “Comarca”.

No así se puede aseverar del barrio, aldea o lugar. Es este una parcela social muy apegada al terruño, a

trabajo de investigación: “San Pedro de Angoares” del historiador D. Claudio González Pérez se puede seguir el proceso histórico de estos linajes ubicados en el lugar de Picón.

Aquí hablar de Angoares es seguir los estudios de D. Mariano Piñeiro y los de D. Claudio González. A éste fundamentalmente en su estudio modélico señalado y editado por el Museo de Pontevedra, ejemplar de lo que ha de ser un análisis sobre una parroquia rural gallega.

La “Granja” de Picón es ya denominación histórica



las cuatro casas con sus propiedades rústicas pero sin irradiación más allá de las encrucilladas de sus cuatro caminos.

No obstante hay lugares que sí, que se proyectan y marcan una entidad peculiar. Máxime cuando llegaron a formar el mayorazgo con atisbos de territorio señorial. A un tiro de piedra de Pontearreas, en Angoares, está el lugar de Picón. En él se asentaron algunas de las familias hidalgas de la parroquia. En concreto: los Mariño Falcón y los Rilo. En el excepcional y dechado

en el siglo XVII y que nos remonta a estas estructuras de tanto sabor benedictino en el medioevo organizadas según esquemas cistercienses. Más tarde surgirá el “Pazo” de Picón y su mayorazgo.

Era la familia de los Mariño Falcón que ya estaba asentada en el siglo XVII, cuyos miembros fueron escribanos, jueces, marinos, capitanes, abogados... Sus apellidos llenan la comarca. Llegan hasta Taboexa donde D. Miguel Mariño Falcón aparece como fundador de la Cofradía de Ánimas de esa parroquia en ese referido

siglo (Ver "Historia de Taboexa", 2ª edición, de Ramón Rodríguez Otero), o sufren las consecuencias del motín de los Matutes de 1687, como D. Antonio Mariño Falcón, juez del Sobroso (D. Juan Miguel González en el tomo II de la revista Soberosum).

Los Mariño Falcón dieron paso a los Rilo por medio de enlaces matrimoniales hacia finales del

siglo XVIII sucediéndoles en la "Granja" y en el mayorazgo de Picón.

El último Rilo recibe sepultura en los inicios del siglo XX. D. Claudio en su citada obra recoge su epitafio del cementerio de Angoares.

Pero Picón es algo más que los Mariño y los Rilo. Don Juan Rilo será testigo en 1862 de la boda celebrada en Angoares por Manuel Sobral Soutullo con Antonia Alonso.

Y en 1845 en el libro de confirmados varones de Angoares aparece la confirmación en ese año de Manuel Sobral Soutullo y tres hermanos más señalados como vecinos del barrio de Picón. Un hijo de Manuel Sobral fallecería en 1897 en el domicilio paterno que se indica la Plaza de Bugallal de la villa.

Y el investigador sobre el mundo "dos cosos muíños", el etnógrafo D. Andrés Sanpedro, al hablar del molino "da barca" en artículo de Faro de Vigo del 20 de marzo de 2004, señala el año de 1765 como fecha de su construcción y un Sobral como su artífice, tal como se asigna en el dintel de la puerta. Estaba a orillas del Tea en Padróns cerca de Pontecons. Puente y barca que sirvieron a las gentes de estos lugares para atravesar las aguas del Tea, según explica el entendido Sr. Sampedro. Y camino de los maestros de cantería desde Cotobad a las tierras del Condado y Paradanta.

Años en que comienza a asentarse la familia Sobral en nuestra comarca. Y es en 1796 cuando Felipe Lopo y Francisco Sobral, este de Xeve-Pontevedra maestros de arquitectura se hacen con la subasta de la construcción de la iglesia de S. Mateo de Oliveira. Y tal como se describe, según iglesias Almeida en su obra maestra "Arte y artistas de la diócesis de Tui", los elementos que han de componerla como arcos, estribos, altares, altu-



ras... hace que ambos sean considerados como "maestros facultativos de cantería y carpintería"; y así señala el historiador del Condado Rafael Sánchez Bargiela en Faro de Vigo el 29 de septiembre de 2005.

Otro Sobral maestro de obras interviene en la construcción de la iglesia de S. Julián de Guláns. La escasez económica de la vecindad produce múltiples retrasos. Se inicia en 1805 y se concluye en 1865. Lo que da lugar a que el obispo de Tui, y aquí seguimos a D. Domingo Cameselle, de un decreto de 1830 para que el párroco de Areas "valiéndose de Maestro inteligente en el Arte de Arquitectura reconozca la obra hecha". El informe lo redacta el "Maestro inteligente en arquitectura" José Sobral.

Este Sobral había llevado anteriormente a efecto la construcción del templo de S. José de Ribarteme en 1808, fecha en que aun se le asignaba la vecindad en la parroquia pontevedresa de S. Andrés de Xeve.

Y es precisamente por estas fechas de finales del siglo XVIII y comienzos del XIX cuando la familia Sobral asienta en estas tierras, en Angoares y Ponteareas.

Sobre todo a raíz de que Francisco Sobral asumiese llevar a buen término la construcción de la iglesia de S. Mateo.

José Sobral se casará con la vecina de Ponteareas Rosa Fernández. Un hijo de ambos, Jacobo, contraerá matrimonio en 1826 con Ana Maria Soutullo Vieytez.

El chispeante artículo, en "Lonxe da Terriña" de 1985, de Manoel do Furón de Cabalón "A escola da Barbeira" nos recuerda a Dolores Sobral Alonso como maestra en la Giralda. Escuela auspiciada por el municipio. Centro educativo que cerraría con la defunción de su profesora en 1921.

El clero diocesano y la Guerra de la Independencia

AVELINO BOUZÓN GALLEGO

preparación del bicentenario

En la primera semana de diciembre de 2006, Tui ha puesto su reloj en marcha para la conmemoración del bicentenario de la llamada Guerra de la Independencia con la muestra didáctica titulada "La Guerra de la Independencia en Galicia. Hechos y armas. Prolegómenos del II Centenario". En la Sala Municipal de Exposiciones del Concello de Tui y bajo el auspicio de la Asociación Histórico-Cultural "The Roya Green Jackets" de A Coruña, con la colaboración del Museo Militar de la capital herculina y de la Asociación de Héroes de la Guerra de la Independencia 1809 de Pontevedra, se pudieron contemplar piezas tan sorprendentes como los uniformes usados por los soldados españoles y franceses, así como armas de la época y diversa documentación histórica.

Ya parecen muy lejanos los tiempos en los que los niños oían hablar a sus abuelos de la "Francesada" al calor del fuego de las "viejas lareiras", en las largas y frías noches de invierno, cuando quizá algún ascendiente había formado parte de aquellos aguerridos y valientes guerrilleros que tuvieron a raya, con sus estratagemas y emboscadas, a las pertrechadas huestes de los famosos generales franceses Soult y Ney.

expolio del templo san bartolomé

Algunos de estos episodios del heroísmo de los paisanos gallegos y las depredaciones llevadas a cabo por los franceses en muchas parroquias ya fueron recogidos por ilustres plumas, pero otros muchos incidentes descritos tal vez con un lenguaje un poco más prosaico yacen bajo el polvo en los archivos históricos parroquiales y diocesanos esperando una mano generosa que los saque a la luz pública.

Sirva como ejemplo un documento del archivo

capitular de la catedral tudense que hace mención del expolio causado por los franceses en la iglesia de san Bartolomé. Así en una solicitud sin fecha dirigida al deán y cabildo, don Felipe Andrés Rodríguez, cura párroco de la Iglesia parroquial de San Bartolomé de Rebordanes informa "que con motivo de la llegada de



los franceses a esta ciudad se propasaron a entrar en dicha iglesia por la puerta traviesa, rompieron la custodia en donde estaba el copón, lo llevaron juntamente con un cáliz que se hallaba dentro de la sacristía con un coponcito para administrar a los enfermos y la ampolla de la Unción con cuatro mesas de corporales".

En el mismo folio figura la siguiente anotación: "Tui, en nuestro Cabildo ordinario de 12 de junio de 1809. En vista de lo expuesto por el suplicante, se le dé interinamente el cáliz que solicita, dejando de ello recibo. Así lo acordó el Cabildo de que certifico, Sánchez, canónigo secretario [rubricado]".

buscadores de tesoros

La Guerra de la Independencia en Galicia puede decirse que duró sólo cinco meses, desde enero a junio de 1809, pero la animosidad hacia los “enemigos franceses” se ha hecho proverbial. Su falta de respeto hacia las cosas sagradas y su afán desmedido de la requisa de objetos de metales preciosos, motivó el enterramiento de los famosos “potes d'ouro” por parte de algunos ricos aldeanos, quienes para poner a salvo sus relucientes onzas de oro las ocultaban en esas improvisadas y originales cajas fuertes, algunas de las cuales, por haber muerto en la lucha sus dueños, quedarán escondidas quizás para siempre. Esto sirvió de acicate a algunos buscadores de tesoros, los cuales alimentaban la ilusión de hacerse ricos de la noche a la mañana.

Por otra parte, el levantamiento contra las tropas invasoras vino a poner de relieve el patriotismo y el desprendimiento de gran parte de las ciudades, villas y aldeas gallegas, que a pesar de encontrarse en situación económica difícil, pusieron de un solo golpe en manos de la Junta de Defensa de Galicia la suma de miles de reales en metálico, muchos ferrados de trigo y de centeno, lamentándose de no poder disponer de mayor caudal. No sólo eso, sino que cuando el primero de junio de 1808 llegó la noticia a Tui de la entrada de los franceses en La Coruña, afirma el historiador Ávila y La Cueva que en ese momento “su ayuntamiento, el obispo y el cabildo de catedral no perdieron medio alguno para abrir suscripciones y persuadir la necesidad de hacer frente a los usurpadores de la patria y del Trono [...], e infinidad de jóvenes de todo el obispado se presentaron voluntariamente a defender la justa causa”.

dimensión social de la guerra

Sin restar protagonismo a las tropas británicas en el hostigamiento de los franceses, hay que afirmar que el estallido bélico de 1808 tuvo una dimensión acusadamente social, pues fueron el pueblo y los débiles quienes se sublevaron contra el invasor. Durante algunos años, la Iglesia estuvo sometida al dominio afrancesado, puesto que Napoleón se convirtió en legislador de asuntos eclesiásticos a través de la política religiosa regalista de su hermano, el rey José. Su falta de respeto hacia las cosas sagradas, motivó que el clero participara activamente en el levantamiento contra los franceses al formarse en todas las provincias gallegas diversas Juntas de Partido que organizan la entrega de dinero y

se encargan de la coordinación de estos esfuerzos.

Preciosos tesoros documentales que tratan del “patriotismo galaico” y de las fechorías de los franceses verán la luz a medida que nos vayamos aproximando a la fecha oficial del comienzo de las conmemoraciones de los doscientos años de la Guerra de la Independencia española. Este trabajo tiene como uno de sus objetivos principales presentar el contenido de un documento que trata del cuerpo de “Cazadores Voluntarios de San Telmo”, formado por el clero tudense.

“voluntarios de san telmo”

Entre los legajos amarillos que albergan los gruesos muros del Archivo de la catedral tudense se conserva



un documento fechado en Tui, a 23 de agosto de 1810, que contiene la instancia que D. Juan García Romero y Cairo, arcediano de Taboexa y dignidad de la catedral, dirige al presidente del Cabildo para la formación de un Cuerpo Eclesiástico Militar denominado de “Cazadores Voluntarios de San Telmo”, recordando que la Junta Superior de armamento y defensa del Reino ya había aprobado dicha formación en este obispado según el plan que el obispo de Tui, D. Juan García Benito había propuesto en su oficio del 13 de junio último sobre la formación del mencionado Cuerpo Eclesiástico Militar.

objetivos

El Cabildo en el capítulo ordinario de 23 de agosto de 1810 aprueba los trece artículos en los que se concretan los objetivos del Cuerpo formado bajo los auspicios del patrono de esta ciudad y su provincia. Se reseñan a continuación su articulado.

Primero, este Cuerpo debe ser de cazadores o tropas ligeras que se propone la defensa de esta Provincia y Reino si por desgracia es invadido por los enemigos; cómo se ha de dirigir principalmente a formar guerrillas para sorprenderlos, impedir sus robos y apresar sus convoyes, etc.

Segundo, para que los Voluntarios de San Telmo se organicen con la formalidad correspondiente, la Junta Superior del Reino nombrará un comandante eclesiástico, "sujeto de probidad y carácter distinguido en la jerarquía eclesiástica, a quien se servirá comunicar sus facultades y órdenes a fin de que se ejecute la reunión de dicho Cuerpo".

Tercero, el comandante nombrado por la Junta Superior propondrá a un sargento mayor del Cuerpo, un "sujeto de luces" pudiendo ser uno de los oficiales retirados, e igualmente uno de los ayudantes según el número de los voluntarios, quienes tendrán el sueldo señalado por la Junta Superior.

Cuarto, como este Cuerpo es eclesiástico no debe admitirse seglares ni clérigos regulares, salvo lo dicho en el capítulo precedente respecto al sargento mayor y ayudante; por lo tanto, "serán admitidos en él todos los ordenados de *In sacris* hasta el presbiterado inclusive".

Quinto, también deberán contarse entre los eclesiásticos a los profesos de las diferentes órdenes religiosas.

Sexto, si el número de los alistados voluntarios es considerable, se formarán escuadras, compañías y batallones, agrupándolos por parroquias o por partido o arciprestazgo.

Séptimo, para la instrucción y mando de las compañías y escuadras, nombrará el comandante un capitán y subteniente para cada compañía, y cuatro cabos. Aunque la instrucción de estos voluntarios debe ser en todas las evoluciones militares, será su principal y más continuo ejercicio el de tropas ligeras

y guerrillas, debiendo juntarse esta instrucción en los parajes que señale el comandante y que puedan ser más cómodos a los voluntarios y en los días que también señale el mismo.

Octavo, todos los alistados en este cuerpo deberán usar uniforme que se reducirá a chaqueta y pantalón azul o negro con vueltas, cuello y vivos morados, y chaleco también morado; llevando en el brazo izquierdo los soldados la imagen del patrón San Telmo de metal blanco o plata, los subtenientes y capitanes al pecho, los ayudantes y sargento mayor al pecho pendiente de un lazo de cinta encarnada, y el comandante de oro al pecho, pendiente de cinta morada y sombrero redondo.

Noveno, organizado el cuerpo e instruido en las evoluciones militares, tendrá obligación de presentarse al comandante o en la capital, según las urgentes circunstancias lo exijan, y formará parte de la guarnición de cualquier plaza del Reino si es necesario.

Décimo, se espera del patriotismo de todos los eclesiásticos que siempre que se presenten para estos servicios lo hagan a su costa, a no ser que carezcan de suficientes recursos como puede sucederles a los religiosos cuyos monasterios están en poder de los enemigos, en este caso la Junta Superior suministrará las raciones precisas.

Undécimo, "siendo un punto de reunión y de honor en cualquiera Cuerpo Militar la bandera, no puede éste tan distinguido dudar que la Superior Junta se la conceda, en caso que reciba este favor podrá ser blanca, en su medio, un navío que casi va a perderse, y a ser tragado por las olas, figura de España, en lo alto y sobre un globo de nubes la imagen de San Telmo que la socorre, y las últimas palabras de aquel texto del salmo 28: "*motum autem fluctuum, etc.*"; con una cruz roja en cada esquina".

Duodécimo, a los ordenados de menores que se alistén voluntariamente "y sirvan a sus expensas, podría la Junta Superior exceptuar de otro servicio militar a los de esta clase que así lo ejecuten".


Por último, el artículo décimo tercero se refiere a diversas formas de sufragar los gastos de víveres y solucionar el alojamiento de los alistados.





15 años construyendo


Calle Delio Rodríguez, 6 · Ponteareas · 986 661 707 - 670 671 237 · dismareate@dismareate.com



POLICLÍNICO
SAN MIGUEL

NUESTRA ELECCIÓN: *cuidar de ti*

MEDICINA GENERAL Y FAMILIAR
MEDICINA DEL TRABAJO
GINECOLOGÍA Y OBSTETRICIA
UROLOGÍA
OFTALMOLOGÍA
APARATO DIGESTIVO
CARDIOLOGÍA
CIRUGÍA VASCULAR
DERMATOLOGÍA
TRAUMATOLOGÍA
PSICOLOGÍA
OTORRINOLARINGOLOGÍA
FISIOTERAPIA E HIDROTERAPIA
RADIOLOGÍA DIGITAL
ECOGRAFÍA DOPPLER Y COLOR





*Desde siempre
y para siempre*



50 años haciendo realidad sus ilusiones...

50 años de regalos exclusivos



GALLEGRO

*Joyereros desde
1956*

MOSCHINO
HOURS & MINUTES

V&L
VICTORIO & LUCCHINO
TEMPO

D&G
DOLCE & GABBANA
TIME

EMPORIO ARMANI

GUESS
WATCHES

BREIL

SWAROVSKI

SEIKO

TISSOT
SWISS WATCHES SINCE 1853

SARGADELOS

LLADRÓ

LOTUS

FORTIS
since 1912 swiss

Plaza de Bugallal, 6 - Ponteareas - 986 64 09 52 - joyeriagallego@terra.es



Poñemos toda a nosa enerxía



en protexer o noso entorno

Empresa centenaria adicada á distribución de enerxía eléctrica, en constante avance dende o ano 1895 e cunha forte presenza na produción de enerxías renovables a prol dunha enerxía e un medio natural máis limpos.

sestelo
centraleléctrica

Dende 1895

HORARIO DE OFICINAS: Luns a Venres de 9 a 13 horas

OFICINAS COMERCIAIS • Rúa Doutor Fernández Vega, 14 • 36860 Ponteareas

TELÉFONO ATENCIÓN CLIENTE E AVERÍAS • 986 640 049

CORREO ELECTRÓNICO • clientes@sestelo.es